



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN AMARE TERRA PARA A POSTA EN MARCHA DA PLATAFORMA TERRA MOVE DESTINADA AO ECOSISTEMA DEPORTIVO GALEGO

13/08/2025

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E de outra parte, D. Jesús Martínez Loira, presidente da Fundación Amare Terra, con CIF G56871296 e domicilio en Rúa Gambrinus 49, 15008 A Coruña, constituída conforme á Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, clasificada de interese deportivo e declarada de interese galego mediante resolucións da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co nº 2024/11.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

I. A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

II. O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

III. O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias e funcións en materia de deportes e, en particular, o deseño, a programación, o desenvolvemento e a execución da política deportiva de Galicia, así como a promoción e difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres, actuando, se é o caso, en colaboración con outras administracións e entidades públicas e privadas.

IV. A Fundación Amare Terra (en adiante Fundación) é unha fundación de interese galego constituída o 22 de decembro de 2023 mediante escritura pública nº 8.129 autorizada polo notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, Raúl Muñoz Maestre; clasificada de interese deportivo por Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 23 de outubro de 2024 (DOG, núm. 214 do 06.11.24); declarada de interese galego mediante Resolución do 11 de novembro de 2024 da súa Secretaría Xeral Técnica (DOG, núm. 225, do 21.11.24) e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2024/11.

A Fundación ten como finalidade principal a cooperación, sen ánimo de lucro, ao cumprimento de iniciativas e ideais do seu fundador consistentes de forma primaria e principal na promoción, fomento, impulso, apoio e difusión de actividades deportivas, educativas e sociais.

En concreto, o foco desta fundación atópase na promoción das especialidades deportivas con menor visibilidade e menores recursos, fomentando actividades deportivas inclusivas, integradoras e non discriminatorias, e os valores e ideais que definen o olimpismo e o parolimpismo. E a través destes principios e do deporte, colaborar na educación e na transformación positiva da sociedade galega.

Entre as súas principais liñas de traballo atópase o “fundraising” solidario para o deporte e proxectos de interese xeral. Trátase dunha acción ampla que impulsa e desenvolve un mecenado e colaboración para o fortalecemento das entidades do noso ecosistema deportivo, educativo e social, facéndoo dun xeito innovador, participativo e sostible.

Esta acción de mecenado deportivo galego estase a desenvolver mediante a posta en marcha de TERRA MOVE, unha ferramenta dixital de “fundraising” que facilita, de xeito gratuíto e solidario, a captación de fondos por parte de clubs, federacións e entidades do ecosistema deportivo galego, así como tamén de entidades culturais, educativas e sociais, para os proxectos de interese común que estes promovan a través da plataforma. Cada entidade rexistrada recibirá de xeito directo os fondos e recursos que se recaden como doazóns para as súas respectivas campañas. Pola súa banda, as doazóns realizadas a través da plataforma poderán beneficiarse das deducións fiscais previstas na lexislación española.

O desenvolvemento de TERRA MOVE estrutúrase en tres fases sucesivas: despregamento inicial (2025), expansión (2026) e consolidación e proxección (2027).

V. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, desexa apoiar este proxecto como patrocinadora fundadora ao longo das tres fases, co obxectivo de poñer en marcha e consolidar un novo modelo de apoio ao deporte de base e minorizado, a través de apoio estratéxico e financeiro, impulso oficial e difusión institucional.



O apoio da Xunta de Galicia a este proxecto responde ás seguintes razóns de interese público:

1. Contribución ao fortalecemento do deporte base e inclusivo

TERRA MOVE responde de maneira directa ás prioridades da política deportiva da Xunta, promovendo a igualdade de oportunidades no acceso ao deporte, o apoio a modalidades con menos visibilidade, e a transmisión de valores educativos, sociais e solidarios. Este enfoque é coherente co compromiso institucional coa inclusión, a diversidade e a cohesión social.

2. Promoción dun modelo sostible e innovador de financiamento

O proxecto introduce un mecanismo moderno e eficaz de mecenado e financiamento colaborativo, baseado na participación cidadá e na implicación do tecido empresarial e social. Este modelo de fundraising contribúe á sostibilidade das entidades sen ánimo de lucro e fomenta unha cultura de corresponsabilidade e participación activa.

3. Reforzo do ecosistema asociativo galego

A ferramenta dixital facilitará ás entidades deportivas, culturais e sociais a súa profesionalización, o incremento da súa autonomía financeira e a mellora da súa capacidade de acción. A Xunta de Galicia, como patrocinadora fundadora, contribúe así a reforzar o tecido asociativo do país, dotándoo de ferramentas eficaces e adaptadas aos tempos actuais.

4. Visibilidade institucional e liderado público

O apoio ao proxecto permite á Xunta consolidar o seu posicionamento como administración referente no impulso de iniciativas de colaboración público-privada. Ademais, reforza a súa imaxe como entidade comprometida coa innovación social, a cohesión territorial e o desenvolvemento do talento e do capital humano galego.

5. Impacto positivo na transformación social

TERRA MOVE é moito máis ca unha plataforma de financiamento: é unha ferramenta de transformación social a través do deporte, a cultura e a educación. Ao facilitar a captación de recursos para proxectos de interese xeral, contribúe á creación de oportunidades, á participación cidadá e á construción dunha Galicia máis xusta, inclusiva e activa.

A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.781.8 na que existe crédito adecuado e suficiente.



VII. A Fundación cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación Amare Terra para o desenvolvemento, implantación, expansión e consolidación da plataforma e ferramenta TERRA MOVE, segundo as seguintes fases:

Fase	Período	Obxectivos principais
Fase 1	xullo–decembro 2025	Desenvolvemento tecnolóxico, activación da plataforma e incorporación das primeiras entidades, formación inicial e asistencia as mesmas nas campañas de captación
Fase 2	xaneiro–decembro 2026	Expansión territorial, mellora funcional da plataforma, difusión e incorporación masiva de entidades e campañas
Fase 3	xaneiro–decembro 2027	Consolidación operativa, novas melloras funcionais avanzadas, difusión e continuidade na incorporación masiva de entidades e campañas, proxección exterior e sustentabilidade

A plataforma TERRA MOVE ten como finalidade facilitar a captación de fondos e recursos e a mobilización solidaria en favor de clubs e entidades deportivas, especialmente as que promoven deportes minorizados, valores olímpicos e paralímpicos, inclusión, igualdade e cohesión social.

O orzamento global da actuación, que se recolle no anexo I deste convenio, ascende á cantidade total de 560.000€ (IVE incluído).



Segunda. Obrigas da Fundación Amare Terra

A Fundación comprométese a:

1. Executar cada fase segundo a memoria técnica e económica incluída no ANEXO II deste convenio.
2. Avaliación e presentación da execución técnica e de impacto ao remate de cada fase.
3. Garantir o acceso gratuito á plataforma a todos os clubs e todas as entidades deportivas e sociais legalmente constituídas en Galicia.
4. Facilitar información, asistencia e soporte ás entidades galegas usuarias da plataforma.
5. Cumprir coa normativa vixente en materia de protección de datos, fiscalidade e mecenado.
6. Aplicar os principios de transparencia, eficiencia e trazabilidade na xestión da plataforma TERRA MOVE.
7. Participar activamente na comisión de seguimento do convenio.
8. Incorporar o logotipo e recoñecemento da Xunta de Galicia como patrocinador fundador en todos os materiais do proxecto, así como a imaxe de marca do "Deporte Galego".
9. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Convenios específicos con entidades deportivas

1. A Fundación Amare Terra formalizará mediante un modelo xeral os convenios específicos de colaboración entre a dita Fundación e cada unha das entidades deportivas que desexen participar no proxecto e ser beneficiarias das campañas desenvolvidas conxuntamente a través da plataforma TERRA MOVE.
2. Estes convenios específicos rexeranse por un modelo sinxelo e normalizado que incluírá:
 - A tipoloxía de proxectos previstos (proxectos xerais, específicos ou especiais).
 - O procedemento de alta e validación dos proxectos na plataforma TERRA MOVE.

- O réxime de asignación, execución e xustificación básica dos fondos obtidos.
 - O sistema de trazabilidade, control e emisión de certificados fiscais conforme á Lei 49/2002.
3. A Fundación Amare Terra actuará como entidade colaboradora nas causas apoiadas, promotora das campañas de captación de fondos, bens ou servizos de mecenado e receptora legal das doazóns e recursos recibidos, e responsable da súa xestión e seguimento conforme ao artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen ánimo de lucre e dos incentivos fiscais ao mecenado, e as obrigas que lle corresponden segundo o presente convenio.
 4. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá solicitar copia dos convenios asinados e poderá ter acceso, en todo caso, aos datos consolidados sobre as entidades participantes, os proxectos validados, as campañas de captación, os fondos recadados, e os datos de execución, baixo os principios de transparencia, xestión e seguimento dos recursos.
 5. Os convenios específicos entre a Fundación Amare Terra e os clubs e entidades deportivas galegas non crearán ningunha obriga legal nin financeira para a Consellería, que manterá unha relación institucional e financeira unicamente co citado proxecto TERRA MOVE.

Cuarta. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a:

1. Participar activamente na presentación e lanzamento da plataforma TERRA MOVE.
2. Apoiar a visibilidade e máxima difusión posible do proxecto nos seus canais oficiais.
3. Facilitar información, comunicación e coordinación coas federacións e clubs galegos.
4. Facer as propostas que considere máis oportunas para mellorar a plataforma.
5. Participar no seguimento e avaliación anual das tres fases previstas do proxecto.
6. Abonar as achegas económicas previstas para cada anualidade en base a este convenio.



Quinta. Achega económica da Xunta de Galicia

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, obrígase ao pagamento dunha achega máxima por importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.781.8 (proxecto 2014 -00066) do seu orzamento de gastos para os exercicios 2025, 2026 e 2027, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano	Fase	Importe
2025	Fase 1	50.000 €
2026	Fase 2	100.000 €
2027	Fase 3	100.000 €
Total convenio 2025-2027		250.000 €

Este importe representa o 44,64% do orzamento total do proxecto (560.000€, IVE incluído), que constitúe o obxecto deste convenio.

Sexta. Xustificación e pagamento da axuda

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que establece que "a conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos.

2.- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e no seu caso a data de pagamento; no caso de que a subvención se outorgue conforme a un presuposto, indicaranse as desviacións producidas.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

c) Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), salvo naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención previsen a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

e) Unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.

f) Os tres presupostos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei de subvencións de Galicia debera solicitar o beneficiario.

g) No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como os xuros derivados destes”.

O representante da Fundación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Fundación, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O pagamento realizarase nun único abono en cada unha das anualidades tras a presentación dos seguintes documentos:

- A conta xustificativa co contido descrito nesta cláusula.
- Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da Fundación no que se faga constar que non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
- Declaración do conxunto de tódalas solicitudes de subvención efectuadas, ou concedidas, para o proxecto obxecto deste convenio, diante das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 1 de decembro de cada unha das anualidades.

Sexta. Comisión de seguimento.

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das partes.

As súas funcións serán:

- Avaliar os avances e resultados anuais.
- Propoñer melloras e resolver incidencias.
- Facer o seguimento de cada fase prevista no convenio.
- Interpretación do convenio.



- Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio.

Sétima. Compatibilidade con outros patrocinadores e concorrencia con outras axudas.

Este convenio non implica unha total exclusividade. A Fundación poderá ampliar o proxecto e incorporar novos patrocinadores públicos ou privados, sempre que respecte as seguintes condicións:

- Que os patrocinios sexan compatibles cos valores fundacionais e co ámbito da mesma.
- Non se vulneren os compromisos de transparencia, xestión e seguimento dos proxectos.
- Non desvirtúe a presenza institucional da Xunta de Galicia como patrocinadora e fundadora.
- Ningún outro patrocinador que se incorpore posteriormente a presentación e lanzamento da plataforma TERRA MOVE poderá ser denominado como patrocinador fundador.

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida obter a Fundación, sempre que a suma de todas elas non supere o investimento total real.

Oitava. Resolución e reintegro

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade có disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Novena. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula décima, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2027.

Décima. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo primeira . Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.



Décimo segunda. Lexislación aplicable, natureza do convenio e xurisdición competente

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio, na data da súa sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes	O presidente do padroado da Fundación Amare Terra
Diego Calvo Pouso	Jesús Ángel Martínez Loira



ANEXO I

Custos estimados de desenvolvemento tecnolóxico, implantación, operación e soporte asistido

Custos estimados de desenvolvemento tecnolóxico, implantación, operación e soporte asistido

Concepto	2025	2026	2027
Custo de estrutura da Fundación Amare Terra	0 €	0 €	0 €
Desenvolvemento tecnolóxico da plataforma, implantación e mellora	0 €	0 €	0 €
Mantemento externo e desenvolvemento de novas funcionalidades IA	0 €	90.000 €	120.000 €
MultiCloud, soporte técnico e seguridade (condicións de ONG)	3.500 €	4.000 €	4.500 €
Marketing, comunicación, publicidade e contidos	50.000 €	60.000 €	60.000 €
Asesoramento externo: xurídico, fiscal, datos, seguridade, etc	36.000 €	20.000 €	10.000 €
Formación, soporte e acompañamento a clubs, entidades, etc	12.000 €	36.000 €	40.000 €
Xestión e administración	2.000 €	6.000 €	6.000 €

Custos totais: 462.810 € + 21% IVE (97.190 €) = 560.000 € (IVE incluído) nos 3 anos

- 2025: 103.500 €
- 2026: 216.000 €
- 2027: 240.500 €



ANEXO II

MEMORIA TÉCNICA E ECONÓMICA

TERRA MOVE: PLATAFORMA GLOBAL DE FUNDRAISING

TERRA MOVE é unha plataforma global de fundraising e mecenado para o impulso deportivo, social e cultural a través da captación de fondos para entidades e proxectos de interese común.

1. ANÁLISE DE VIABILIDADE Y RENDIBILIDADE ESTRATÉXICA

1. Viabilidade Técnica

- **Estado actual da plataforma:** Desenvolvemento avanzado. Plataforma modular e escalable.
- **Tecnoloxía:** MultiCloud segura, pagamentos seguros, protección de datos (GDPR).
- **Soporte:** Equipo integrado para formación continua e soporte técnico a clubs e entidades.

Conclusión: TERRA MOVE é viable desde o punto de vista tecnolóxico e operativo.

2. Viabilidade Económica

- **Custos iniciais:** Desenvolvemento, implantación e campaña de lanzamento (inversión razoable).
- **Custos recorrentes:** MultiCloud, soporte, formación (reducidos, modulables, escalables).
- **Custos reducidos como Fundación en plataformas e cloud:** Google, Microsoft, Stripe, etc.
- **Posibles ingresos adicionais:** Outros patrocinios parciais e servizos premium ou opcionais.

Conclusión: TERRA MOVE ten un modelo sostible cunha estrutura de custos lixeira.

3. Rendibilidade Estratéxica para a Fundación Amare Terra e cada Patrocinador Fundador

Factor	Impacto Esperado
Reforzo de imaxe social e territorial	Moi alto
Visibilidade mediática y reputacional	Moi alta
Fidelización de colectivos clave	Moi alta



Factor	Impacto Esperado
Xeración de novos leads	Moderada
Posibilidade de alianzas institucionais	Alta
Proxección nacional	Alta

Conclusión: Alto retorno a corto, medio e longo prazo.

4. Impacto Social Esperado

Impacto	Beneficio Real
Máis nenos en deporte de base e deportes minorizados	Deporte, saúde, valores, inclusión
Acceso a recursos de entidades sociais, culturais, etc.	Cohesión social, cultura, educación
Financiamento e soporte a clubs e pequenas entidades	Mellora e igualdade de oportunidades

Conclusión: Alto impacto social a corto, medio e longo prazo.

5. Indicadores de Éxito (KPIs 2025-2027)

Indicador	Meta 2025	Meta 2026	Meta 2027
Entidades rexistradas	> 500 activas	> 2.500 activas	> 5.000 activas
Campañas lanzadas	> 600 publicadas	> 3.000 publicadas	> 6.000 publicadas
Fondos captados	> 750.000 €	> 3.750.000 €	> 7.500.000 €
Participación social	> 30.000 interaccións	> 150.000 interaccións	> 300.000 interaccións



Indicador	Meta 2025	Meta 2026	Meta 2027
Mencións en medios	> 60 mencións	> 300 mencións	> 600 mencións

6. Inversión fronte a Beneficio Estratéxico para o Patrocinador Institucional Fundador

Inversión proposta	Beneficio Estratéxico
250.000 € de xuño 2025 a decembro 2027	Liderado social, reputación diferencial, alianzas, nova visibilidade, mecenado en fondos sociais

7. Riscos y Mitigacións

Risco	Mitigación
Baixa adopción inicial	Lanzamento forte, formación e soporte intensivo
Saturación de campañas	Control de calidade, filtros y asesoramento a clubs
Fallos tecnolóxicos	Infraestrutura cloud robusta e soporte técnico
Competencia	Vantaxe de ser os pioneiros e unha alianza forte

8. Conclusións

TERRA MOVE é viable, e non só impulsará proxectos: impulsará persoas, comunidades e o futuro de moitos proxectos deportivos e sociais galegos.

Coa XUNTA DE GALICIA como motor do movemento solidario de mecenado é posible construír un proxecto moito mellor, de referencia e exportable.

2. PLAN DE LANZAMENTO E OBXECTIVOS DAS FASES INICIAIS 2025-2027

FASE 1: Lanzamento e consolidación inicial (xuño 2025 - decembro 2025)

Obxectivo:

- Priorizar desenvolvemento, implantación, formación e acompañamento.
- Sementar as primeiras alianzas e desprezar o modelo de confianza.

FASE 2: Expansión e crecemento moderado (xaneiro 2026 - decembro 2026)

Obxectivo:

- Impulsar e consolidar unha comunidade activa ampla.
- Activar servizos opcionais e patrocinios sociais.
- Incrementar a notoriedade pública e que TERRA MOVE se coñeza en toda Galicia.

FASE 3: Sostibilidade plena e proxección global (xaneiro 2027 - decembro 2027)

Obxectivo:

- Converter a TERRA MOVE en referente de captación deportiva e social en Galicia.
- Preparar TERRA MOVE para unha expansión máis global a outros ámbitos e lugares.
- Ampliar funcionalidades e alcanzar novos acordos para as seguintes fases.

3. PLAN ECONÓMICO A 3 ANOS (2025-2027)

TERRA MOVE axudará a consolidar un novo modelo de captación ética, gratuíta, solidaria e sostible para Galicia, mobilizando fondos que chegarán directamente a unhas 5.000 entidades galegas en 3 anos, xerando un triplo beneficio: económico, social e reputacional.

1. Obxectivos estratéxicos 2025-2027

- Alcanzar ata 5.000 entidades activas en Galicia.
- Captar ata 12 millóns € en fondos para proxectos deportivos, pero extensible a proxectos sociais, culturais, educativos, medioambientais, etc.
- Xerar ata 6,6 millóns € en aforro social para os doantes.
- Aforrar ata 840.00 € de custo para clubs e entidades donatarias receptoras de fondos.
- Consolidar o modelo e preparar a expansión TERRA MOVE a outros posibles ámbitos.

2. Modelo de financiamento



- Recursos iniciais e traballos asumidos pola Fundación Amare Terra como promotora.
- Colaboracións y achegas económicas dos Patrocinadores Fundadores Institucionais.
- Ingresos propios da Plataforma Terra Move.

3.- Principais Conceptos de custos a ter en conta para o desenvolvemento e posta en marcha

- O modelo permitirá escalar moito sen aumentar proporcionalmente os custos.
- Existe posibilidade de ingresos futuros por patrocinios, servizos premium ou opcionais.
- A partir del terceiro ano, custos de mantemento, melloras, soporte e desenvolvemento de IA.

3.1. Conceptos de Custos de Desenvolvemento Tecnolóxico

Deseño UX/UI (experiencia de usuario, deseño visual)
Desenvolvemento plataforma web (frontend + backend)
Integración de pasarelas de pagamento seguras (TPV, pasarela de pagamento, alternativas a Stripe, PayPal ...)
Desenvolvemento área privada de entidades (xestión de campañas, informes)
Sistema de validación e control de datos
Desenvolvemento de APPs nativas en iOS e Android
Desenvolvemento módulo de gamificación e retos (opcional)
Configuración de seguridade e protección de datos (GDPR, cifrado SSL)
Panel de control interno (xestión administrativa)
Tests de funcionamento e control de calidade (QA)

3.2. Conceptos de Custos de Cloud, Infraestrutura e Seguridade (anuais)



Multicloud servidores escalables (AWS, Azure, similar)
Certificados SSL e mantemento de seguridade
Servizos e licencias de software necesarias (envío de emails, estadísticas)
Backups automáticos e protección de datos

3.3. Conceptos de Custos de Comunicación, Lanzamento e Formación 2025-2027

Branding e creación de imaxe de marca TERRA MOVE
Campaña de lanzamento (redes, medios locais, actos oficiais)
Desenvolvemento de vídeos titoriais e guías formativas
Organización de webinars de formación inicial
Material promocional e difusión offline (roll-ups, carteis, folletos)

3.4. Conceptos de Custos de Soporte e Acompañamento (anuais)

Servizo de soporte técnico de usuarios (correo/chat)
Xestión de contidos e redes sociais
Seguimento de campañas, informes de evolución

4. Custos estimados de desenvolvemento tecnolóxico, implantación, operación e soporte asistido



Concepto	2025	2026	2027
Custo de estrutura da Fundación Amare Terra	0 €	0 €	0 €
Desenvolvemento tecnolóxico da plataforma, implantación e mellora	0 €	0 €	0 €
Mantemento externo e desenvolvemento de novas funcionalidades IA	0 €	90.000 €	120.000 €
MultiCloud, soporte técnico e seguridade (condicións de ONG)	3.500 €	4.000 €	4.500 €
Marketing, comunicación, publicidade e contidos	50.000 €	60.000 €	60.000 €
Asesoramento externo: xurídico, fiscal, datos, seguridade, etc	36.000 €	20.000 €	10.000 €
Formación, soporte e acompañamento a clubs, entidades, etc	12.000 €	36.000 €	40.000 €
Xestión e administración	2.000 €	6.000 €	6.000 €

Custos totais: 462.810 € + 21% IVE (97.190 €) = 560.000 € (IVE incluído) nos 3 anos

- 2025: 103.500 €
- 2026: 216.000 €
- 2027: 240.500 €

5. Previsión financeira global. Balance de Ingresos e Custos 2025-2027

Ano	Ingresos Totais	Custos Totais	Balance Anual
2025	106.000 €	103.500 €	+2.500 €
2026	218.000 €	216.000 €	+2.000 €



Ano	Ingresos Totais	Custos Totais	Balance Anual
2027	242.000 €	240.500 €	+1.500 €

Resultado acumulado previsto 2025-2027:

+6.000 € de marxe (aplicación a posibles imprevistos e/ou plan director 2028-2030)

6. Estimación da **captación de fondos**

- 2025: 500 primeiras entidades deportivas usuarias
- 2026: 2.500 entidades deportivas e sociais usuarias
- 2027: 5.000 entidades deportivas e sociais usuarias

Para estas tres anualidades estimase unha media de 1.500 € de doazóns por cada entidade

Impacto positivo económico deportivo e social previsto para 2025-2027: ata 12 millóns €

7. Beneficios e impactos económicos positivos derivados do proxecto

Aforros económicos directos (ás entidades usuarias, por uso plataforma)

- Rango mínimo de aforro: entre 6% - 8% das cantidades captadas en doazóns :

Ano	Fondos Captados (doazóns)	Aforro 6% (respecto ás doazóns)	Aforro 8% (respecto ás doazóns)
2025	750.000 €	45.000 €	60.000 €
2026	3.750.000 €	225.000 €	300.000 €
2027	7.500.000 €	450.000 €	600.000 €

- Estimación de aforro a entidades donatarias por uso plataforma: 720.000 € - 960.000 € en 3 anos

Aforro Fiscal para Doantes (Ley 49/2002):

- **Estimación de beneficio fiscal aos doantes (Ley 49/2002):**
 - IRPF: 80% dos primeiros 250 € doados e 40%-45% do resto da cantidade doada
 - ISOC 40%-50% das cantidades doadas, co máximo do 15% de base imponible

Ano	Captación de fondos	Estimación Aforro Fiscal (55%)
2025	750.000 €	412.500 €
2026	3.750.000 €	2.062.500 €
2027	7.500.000 €	4.125.000 €

- Total estimado do aforro fiscal agregado para doantes 2025-2027: 6.600.000 €

Deducións IRPF (doantes particulares). Ejs. de aforros fiscais en base a doazóns:

Exemplo dunha doazón	Aforro fiscal 80% sobre primeiros 250€	Aforro fiscal 40% sobre o exceso	Aforro fiscal total estimado	% real da dedución
50 €	40 €	0 €	40 €	80,0%
100 €	80 €	0 €	80 €	80,0%
250 €	200 €	0 €	200 €	80,0%
500 €	200 €	100 €	300 €	60,0%
1.000 €	200 €	300 €	500 €	50,0%
1.500 €	200 €	500 €	700 €	46,7%
2.000 €	200 €	700 €	900 €	45,0%



Exemplo dunha doazón	Aforro fiscal 80% sobre primeiros 250€	Aforro fiscal 40% sobre o exceso	Aforro fiscal total estimado	% real da dedución
5.000 €	200 €	1.900 €	2.100 €	42,0%
10.000 €	200 €	3.900 €	4.100 €	41,0%

En conclusión, respecto ás Deducións no IRPF (doantes particulares):

- Para **doazóns pequenas** (ata os 250 €), o doante **recupera o 80%** no seu IRPF.
- Para **doazóns medianas** (ata 1.000 €), **recupera entre o 50% e o 80%** no seu IRPF.
- Para **doazóns máis altas** a porcentaxe total de aforro segue sendo moi significativo (**oscilará sempre entre a dedución mínima do 40% e do 50% do importe**).
- En resumo, **vantaxe fiscal especialmente alta nas doazóns pequenas e medianas**.

Deducións no IS (doantes empresariais):

- **40%** de todos os € doados (a base da dedución non poderá exceder do 15% da base imponible do período impositivo).
- **50%** dos € doados se a doación é recorrente a mesma entidade durante 3 anos e igual ou superior á doazón do ano anterior (a base da dedución non poderá exceder do 15% da base imponible do período impositivo).
- A porcentaxe del aforro fiscal é moi significativo (**entre o 40% e o 50% da doazón**).
- En resumo, **vantaxe fiscal igualmente significativa en todas as doazóns de empresa**.

8. Explicación do cálculo do posible aforro fiscal dos doantes de TERRA MOVE en 2025-2027

Datos:

- Captación total estimada en 3 anos:

750.000 € (2025) + 3.750.000 € (2026) + 7.500.000 € (2027) = 12.000.000 €.



- Estimamos a aplicación dunha **dedución media ponderada conservadora**:
 - 80% sobre primeiros 250 € por doante.
 - 40% sobre o exceso.
- Descoñécese o número de doantes e o patrón de doazóns individuais. Por prudencia calcúlase unha media **estimada de dedución fiscal do 55% de media** sobre o total doado (*ponderando a maior parte de pequenas doazóns ao 80% e as grandes ao 40% - 45%*).
- **Resumo dos principais beneficios económicos estimados en TERRA MOVE:**

Concepto	Estimación
Fondos económicos captados 2025-2027 para causas deportivas e sociais	12.000.000 €
Aforro fiscal aos doantes (estimado sobre un aforro medio do 55%)	6.600.000 €
Beneficio fiscal medio por cada euro doado	0,55 €
Aforro de custos ás entidades donatarias por ser unha plataforma propia	840.000 €
Aforro medio do donatario por cada euro recibido a través da plataforma	0,07 €
Suma total dos beneficios fiscais e aforros económicos a doantes e donatarios	7.440.000 €

Cada euro doado a través de TERRA MOVE xera, ademais de impacto social, un aforro fiscal medio de 55 céntimos para o doante, e aforra 7 céntimos de custo ao donatario respecto a recibir ese euro a través doutras plataformas de fundraising.

Nos primeiros 3 anos, doantes e donatarios aforrarán conxuntamente máis de 7,4 millóns de euros grazas a TERRA MOVE e ao marco legal aplicado de mecenado.

TERRA MOVE non é só un MOVEMENTO SOLIDARIO, senón tamén un movemento MOI EFICIENTE para todos, operativa e fiscalmente.

O proxecto ten un alto ROI social e estratéxico, moi superior ao custo real.



- **Outros posibles beneficios relevantes de TERRA MOVE a nivel deportivo e a nivel social:**

Área	Beneficio social
Deporte	Reforzo ao deporte de base, deporte minorizado, inclusivo, feminino
Inclusión	Financiamento de proxectos con diversidade, accesibilidade e integración
Sociedad	Reforzo para todos os proxectos sociais que busquen financiamento

TERRA MOVE non so xera un impacto financeiro e fiscal positivo, o máis relevante é o seu verdadeiro impacto social: xera comunidade e futuro.

4. FUNCIONALIDADES PARA A PLATAFORMA DE FUNDRAISING

Comparáronse as ferramentas de fundraising máis utilizadas a nivel global, incluíndo plataformas de *crowdfunding* xeneralistas, solucións para causas sociais e ferramentas para recadar fondos en diferentes países, sectores, modelos etc. E en especial as principais plataformas de fundraising en español e as destacadas en hispanoamérica. Posibles funcionalidades a incluír na plataforma TERRA MOVE, combinando o mellor das ferramentas máis usadas e criterios de usabilidade, escalabilidade, confianza, impacto social e o uso ético e progresivo da IA.

FUNCIONALIDADES ESENCIAIS:

1. Creación de campañas co obxectivo económico definido.
2. Permitir campañas abertas sen meta obrigatoria (flexibilidade).
3. Opcións de campaña puntual e recorrente.
4. Checkout simplificado e móbil-friendly.
5. Doazón anónima ou con rexistro opcional.
6. Formulario de doazón personalizable.
7. Multi-moeda e pagamento seguro (Stripe, PayPal, Redsys, Pasarela de pagamento segura ...).
8. Emisión automática de certificados fiscais.
9. Confirmación instantánea de doazón (email e pantalla).

FUNCIONALIDADES AVANZADAS DE VISIBILIDADE E TRANSPARENCIA:

10. Barra de progreso e obxectivos visibles.
11. Actualizacións e noticias dentro de cada campaña.
12. Galería de imaxes, vídeos y testemuños.
13. Indicadores de transparencia/verificación (certificacións, auditoría, etc.).
14. Historial e métricas públicas (doantes, contías, evolución).

PERSONALIZACIÓN Y SEGUIMIENTO:

15. Conta de usuario con historial de doazóns
16. Xestión de campañas propias para entidades (clubes, entidades, ONGs, etc.).
17. Panel de control para organizacións (seguimento, edición, descarga de datos).
18. Xestión de doazóns recorrentes (editar, pausar, cancelar).
19. Campañas con temporalidade (inicio/fin) ou permanentes.
20. Segmentación por categorías temáticas ou xeográficas.

FUNCIONALIDADES SOCIAIS E DE DIFUSIÓN:

21. Botóns para compartir en redes sociais directamente desde cada campaña.
22. Doazóns en nome doutra persoa ou empresa.
23. Mensaxes públicos de apoio de doantes (con moderación).
24. Recompensas simbólicas ou contido exclusivo opcional.
25. Campañas peer-to-peer (equipos ou individuos recadando por una causa común).

FUNCIONALIDADES INTELIXENTES E ESTRATÉXICAS:

26. Integración con algúns CRM/ERP de referencia para clubs ou entidades.
27. Análise de métricas e informes exportables (CSV, Excel, PDF).
28. Email marketing integrado (Mailchimp, Brevo, etc.), notificacións Push (Firebase, etc.) ou notificacións internas.
29. Gamificación ou ranking de campañas más apoiadas.
30. Ferramentas de A/B testing para optimizar chamadas á acción.

FUNCIONALIDADES TECNOLÓXICAS E ESCALABLES:

31. Interfaz multilingüe (mínimo galego, español, inglés), en función do escalamento.
32. API pública para integración con sitios web de terceiros.
33. App móbil ou versión PWA.
34. Soporte técnico, axuda contextual e preguntas frecuentes.
35. Sistema de validación e onboarding guiado para entidades.

SEGURIDADE, LEGALIDADE E ÉTICA:

36. Cumprimento de RGPD / LOPD / Lei 49/2002 (España).
37. Autenticación robusta de usuarios e roles diferenciados (doante, entidade, admin).
38. Xestión segura de datos e cifrado de pagamentos.
39. Modelo ético e sen comisións para os beneficiarios.
40. Rastrexabilidade de fondos e garantías legais para o doante.

5. PROCEDEMENTOS PARA A PLATAFORMA DE FUNDRAISING

A plataforma TERRA MOVE será accesible, segura, atractiva e profesional, e unha vez que estea plenamente operativa disporá dos procedementos que se presentan agrupados en grandes áreas de funcionamento. Cada procedemento terá a súa microguía ou fluxo interno:

A. Procedementos de Rexistro e Activación

1. Rexistro de nova entidade.

- Formulario online simple.
- Confirmación de email.

2. Validación de identidade e datos.

- Verificación manual ou automatizada de CIF/NIF e documentación básica.

3. Creación e activación de perfil de entidade.

- Área privada segura para xestionar campañas e datos.

4. Xestión de roles e usuarios nunha entidade.

- Asignación de permisos internos (administrador, xestor de campaña, etc.)

B. Procedementos de Captación de Fondos

5. Creación dunha campaña de captación.

- Nome, obxectivo económico, categoría temática, descrición, imaxe.

6. Revisión e validación de campañas (opcional).

- Control interno para aprobar campañas públicas (opcional).

7. Publicación de campaña na plataforma.

- Listado público visible e/ou accesible.

8. Difusión sinxela da campaña.

- Botóns de compartir en redes sociais, enlace curto personalizado.

9. Recepción de doazóns seguras.

- TPV virtual, medios e pasarela de pagamentos, transferencia directa, etc.

10. Emisión automática de xustificantes/donativos para doantes.

- Xustificantes, certificados fiscais para deducións, etc.

C. Procedementos de Comunicación e Mobilización

11. Sistema de menxajería interna ou avisos.

- Avisos de estado de campañas, retos, noticias.

12. Newsletter ou boletín de actualizacións (opcional).

- Información de novas campañas, retos, historias de éxito (opcional).

13. Sistema de gamificación.

- Retos de captación, ranking de campañas, premios simbólicos.

D. Procedementos de Formación e Apoio

14. Guías e videotutoriais para clubs e entidades.

- Como rexistrarse, lanzar campañas, mobilizar doazóns.

15. Webinars periódicos de formación.

- Planificados desde o lanzamento.

16. Servizo de soporte técnico e operativo.



- FAQs, chat ou email de axuda.

E. Procedementos de Xestión Administrativa e Fiscal

17. **Informe de recadación por campaña.**
 - Panel de control transparente para cada entidade.
18. **Informe fiscal anual para as entidades.**
 - Resumo de importes captados e certificados de doazóns aplicados.
19. **Sistema de liquidación de fondos recadados.**
 - Transferencia bancaria programada ás entidades.

F. Procedementos de Seguridade e Cumprimento Legal

20. **Protección de datos persoais (RGPD).**
 - Consentimentos explícitos.
 - Política de privacidade visible.
21. **Rastrexabilidade e seguridade de pagamentos.**
 - Provedores de pagamento homologados e seguros.
22. **Cumprimento da lexislación de doazóns (Lei 49/2002).**
 - Para os casos de emisión de certificados fiscais.

G. Procedementos de Expansión e Evolución

23. **Alta de novos módulos temáticos (deporte, sociedade, cultura, educación, etc.).**
 - Permitir que unha mesma entidade active varios tipos de campañas.
24. **Sistema de alianzas e patrocinadores.**
 - Procedemento para rexistrar convenios ou patrocinios adicionais.
25. **Sistema de certificación ou recoñecemento a entidades activas.**
 - Selo “Entidad Terra Move” ou outros distintivos.



Área de funcionamento	Número de Procedementos
Rexistro e activación	4
Captación de fondos	6
Comunicación e mobilización	3
Formación e apoio	3
Xestión administrativa e fiscal	3
Seguridade e cumprimento legal	3
Expansión e evolución	3

6. PROCEDEMENTO DE ACTIVACIÓN DUN CLUB OU UNHA ENTIDADE

Activar unha entidade en TERRA MOVE, como exemplo, será rápido, sinxelo:

1. Accede á web de TERRA MOVE

- Entra na páxina e selecciona "Rexistrar Entidade".

2. Completa o formulario básico

- Pídense os datos esenciais: nome da entidade, CIF, persoa responsable e datos de contacto.

3. Valida o correo electrónico

- Recibirás un email automático para confirmar que todo é correcto.

4. Revisión e validación de datos

- O equipo de TERRA MOVE revisará que a entidade estea correctamente identificada, legalmente rexistrada en rexistros públicos e que a súa actividade se axusta aos

sectores impulsados (deporte, inclusión, sociedade, educación, cultura, medioambiente, etc).

5. Activación do perfil

- Unha vez validada, recibe confirmación e pode acceder a Área Privada da entidade.

6. Lanza a primeira campaña de captación

- Desde o Panel, a entidade poderá acceder ao formulario para crear unha campaña, definir os obxectivos, contalo á comunidade e empezar a mobilizar apoios.

Paso	Acción	Tempo estimado
1	Rexistro online sinxelo	5 minutos
2	Validación de datos	24-48 horas
3	Activación de perfil	Inmediato trala validación positiva
4	Lanzamento de campaña	En canto se desexe

En TERRA MOVE trabállanse os procedementos para que nos menos pasos posibles cada entidade estea en marcha, visible e captando os apoios da súa comunidade.

7. DESENVOLVEMENTO DO PRODUTO MÍNIMO VIABLE EN TERRA MOVE

A finalidade do Produto Mínimo Viable (PMV) é lanzar unha versión funcional mínima da plataforma que permita canalizar doazóns cara a entidades deportivas, baixo o marco fiscal da Lei 49/2002, con rastrexabilidade e acompañamento institucional, formativo e con soporte técnico.

1. Obxectivo xeral do MVP

Definir o primeiro alcance funcional de TERRA MOVE para que comece a operar co esencial: permitir que clubs deportivos publiquen campañas de doazón, que os doantes poidan colaborar facilmente, e que a Fundación Amare Terra xestione o proceso e a emisión de certificados fiscais. Búscase axustar ben todos os procesos, tanto manuais como automatizados.

2. Recorrido do usuario

Identifícanse distintos roles e as súas interaccións clave:

- **Fundación:** Comunica a existencia da plataforma, recibe solicitudes de alta de clubs, publica campañas, difunde contido e emite transferencias e certificados fiscais.
- **Clubs:** Contactan coa Fundación, danse de alta, e seguen o progreso das súas campañas.
- **Doantes:** Acceden a campañas, doan (de forma anónima ou rexistrada), e poden solicitar os certificados fiscais das súas doazóns.
- **Visitantes:** Navegan entre as campañas e poden converterse en doantes desde calquera orixe (web, redes, etc.).

3. Procesos e automatizacións

- **Manuais:** Alta de clubs e campañas, verificación inicial, contacto directo con entidades.
- **Automatizados:** Proceso de doazón e emisión de certificado unha vez confirmado o pagamento.

Simplicidade do checkout: canto menos se pida antes do pagamento, é mellor para a conversión. O esencial é obter os datos necesarios e o demais despois do pagamento se se quere o certificado.

4. Casos iniciais, requisitos e estrutura de campaña

O MVP probarase internamente co club **Terra Sports Academy**, lanzando campañas para financiar actividades. E posteriormente con outro club externo. Para iso definíronse claramente:

- Que datos se recollen (e publican) de clubs e campañas.
- Se as campañas teñen obxectivo económico, data límite e barra de progreso visible.
- Que datos se recollen dos doantes (os mínimos legais para emitir os certificados).
- Características dos certificados fiscais e resposta a todos os supostos que se poidan dar.

FASE 0 – Fundación e estrutura inicial (T0 – Marzo – Abril - Maio 2025)

Obxectivo: Establecer os piares xurídicos, técnicos e operativos do proxecto.

- A Fundación Amare Terra é a propietaria da plataforma e apoiará a labor dos clubs.
- Aprobación do modelo e acordo de relación institucional cos Patrocinadores e aprobación do modelo de relación cos Clubs (convenio, contrato, carta de adhesión, etc).
- Revisión do documento marco, matriz funcional, enfoque 360 e modelo IA a medio prazo.
- Priorización de funcionalidades do MVP (Nivel 1) e definición de arquitectura técnica base.

- Selección de provedores tecnolóxicos e aprobación de calendario de desenvolvemento e despregamento.

FASE 1 – Desenvolvemento funcional do MVP (T1 – Abril – Maio – Xuño 2025)

Obxectivo: Despregar unha plataforma operativa que permita o inicio de campañas reais con rastrexabilidade e emitindo os oportunos certificados fiscais.

- Desenvolvemento do backend legal-fiscal: estrutura de doazón baixo Lei 49/2002, casos de emisión de certificados, rexistro de doantes, etc.
- CMS para xestión interna de entidades e campañas para uso da Fundación.
- Creación de campañas con e sen obxectivo económico ou temporalidade.
- Doazóns únicas e recorrentes, con pasarelas Stripe / Pasarela de Pagamentos Bancaria, etc.
- Interface móbil e multilingüe (ES, GL) con formularios accesibles.
- Confirmacións e recibos automáticos por correo electrónico.
- Panel de control para Fundación e dashboard para clubs.
- Alta manual/verificada de entidades, con validación técnica.

FASE 2 – Activación do ecosistema e primeiros casos reais (T2 – Xuño–Agosto 2025)

Obxectivo: Lanzar e testar o MVP validado con diferentes campañas reais nun entorno real.

- Activación previa de casos piloto, Terra Sports Academy, etc., e posteriormente novos casos.
- Formación básica aos xestores do club para uso da plataforma.
- Monitorización de doazóns e emisión de certificados. Validación: fluxos técnicos e legais.
- Presentación ou comunicación institucional conxunta: Fundación+Patrocinadores Fundadores

FASE 3 – Relanzamento oficial e escalado controlado (T3 – Setembro–Outubro 2025)

Obxectivo: Iniciar o despregue territorial da plataforma coas entidades do ecosistema galego.

- Apertura progresiva a todas as entidades interesadas (fase beta controlada).

- Convocatoria pública de inscrición de entidades e campañas.
- Activación de rastrexabilidade pública por campaña.
- Primeira ronda de formación online a clubs galegos.
- Valoración do sistema de propinas voluntarias e funcionalidades básicas de visibilidade.
- Presentación pública plataforma TERRA MOVE en evento con Patrocinadores Fundadores.

FASE 4 – Consolidación, avaliación e iteración (T4 – Novembro–Decembro 2025)

Obxectivo: Validar funcionamento do MVP, avaliar impacto e preparar Roadmap para versión 1.5.

- Avaliación técnica, legal e operativa (desempeño, uso, feedback de usuarios).
- Informe de impacto territorial (doazóns, perfís, rastrexabilidade).
- Proposta de melloras funcionais e roadmap á versión intermedia (Nivel 2).
- Revisión do marco de traballo e obxectivos con Patrocinadores Fundadores para 2026-2027.

8. FUNCIONALIDADES DE IA PARA A PLATAFORMA TERRA MOVE

As capacidades de Intelixencia Artificial (IA) poderanse ir incorporando pouco a pouco na ferramenta TERRA MOVE, co obxectivo de optimizar as campañas de captación de fondos, mellorar a eficiencia operativa, personalizar a experiencia de usuario e aumentar o impacto social e financeiro do ecosistema, a corto, medio e longo prazo.

Incorporar IA non é so cuestión técnica, será unha decisión transformadora e estrutural. A medida que TERRA MOVE creza, a integración de funcionalidades de IA permitirá:

- Aumentar a equidade entre entidades, empoderando ás entidades máis pequenas ou con menos experiencia de captación, e reducindo as desigualdades de capacidade.
- Democratizar o acceso ao fundraising de calidade, aumentando a eficacia das campañas sen necesidade de máis persoal.
- Personalizar a experiencia de doazón e aliñala cos valores do proxecto.
- Escalar o sistema sen perder calidade, personalización e o propósito fundacional.
- Reforzar o propósito educativo, formativo e democratizador da ferramenta.



As funcionalidades de IA implementaranse pouco a pouco con criterios de transparencia, rastrexabilidade, gobernanza e control ético, en liña cos principios da entidade aplicables no terceiro sector.

É obvio que no análise de medio/longo prazo e os aspectos que se albiscan a longo prazo vinculados coa IA ética, a avaliación dun impacto social real, etc., requiren de esforzos extra para poder levarse a cabo, o que se avaliará no momento oportuno, en función da evolución e éxito do proxecto e das circunstancias do momento. Só como reflexión, para abordar os puntos máis complexos requiriríase formar un equipo cun perfil especializado en datos, para captar e preparar os ditos datos e alimentar os modelos antes de que estes poidan funcionar. No plan económico presentado esta fase de longo prazo non está contemplada, e dependerá da evolución do proxecto e das decisións futuras dos impulsores do mesmo, pero no por iso debemos deixar de poñer de manifesto que esas son as tendencias e as liñas de traballo.

A medio e longo prazo, a evolución tecnolóxica permitirá a TERRA MOVE poder incorporar a IA non so como ferramenta de eficiencia, senón tamén como motor de transformación social e comunitaria, é dicir, incorporar unha IA transformadora aa servizo do ben común. E para iso será esencial: o control ético e a total transparencia no uso dos modelos de IA, escoitar as necesidades reais de clubs, entidades, ONGs, etc., e escoitar constantemente as opinións e consideracións dos patrocinadores fundadores.